



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
P – 3204300 – B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS A VINTE E TRES DE NOVEMBRO DE DOUS MIL QUINCE

No Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as doce horas do día vinte e tres de novembro de dous mil quince, tras a correspondente convocatoria, e baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, tivo lugar a sesión ordinaria do Pleno deste Concello que contou coa asistencia dos/as seguintes Concelleiros/as:

- Jesús Rodríguez Rodríguez
- Domingo Veloso Silva
- Prudencio Pérez Pérez
- Elsa Susana Pena Fernández
- Manuel López Álvarez
- Francisco Veloso González
- Juan Manuel Ferreira Ferreira
- Javier Vieira da Cuña
- David Fernández Delgado
- Manuel Fernández Vázquez

Actúa como Secretaria, a da Corporación, Dª Marta Izquierdo Gamallo.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar os asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados.

#### **PRIMEIRO.- EXECUCIÓN INMEDIATA DOS ACORDO DO PLENO EXTRAORDINARIO DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2015.**

A Sra. Alcaldesa procede á lectura do primeiro punto da orde do día dando a continuación a palabra ao Sr. Voceiro do grupo socialista, D. Francisco Veloso González.

Inicia a súa intervención o Sr. Veloso poñendo de manifesto que se lle solicitou á Secretaria a documentación dos expedientes do presente pleno e na carpeta non había nada mais que a convocatoria, o que considera unha falta de respecto por parte da Secretaria e da Alcaldía ao non ter os expedientes dos puntos a tratar a disposición dos/as Sres./as Concelleiros/as para o seu exame.

Continua sinalando que non se están a executar os acordos acordados no Pleno de data 04/08/15, como a antena de San Paio ou o pintado do paso de peóns. Advertindo sobre a neglixencia do Concello ao non executar un acordo sumamente económico, debendo asumir a responsabilidade dos danos que se produzan neste espazo, mesmo co seu patrimonio persoal. Fala incluso de responsabilidade penal. Así co resto dos acordos adoptados. Manifesta a súa sincera intención de prestar a súa colaboración coa xestión municipal.

Toma a palabra a Sra. Alcaldesa para facer un breve recordatorio dos puntos incluídos na orde do día do referido Pleno de data 04/08/15:

1º. Residencia de anciáns. Seguen traballando neste asunto poñendo en coñecemento dos/as presentes que tiveron unha reunión co Sr. Conselleiro, Rei Varela, para tratar esta cuestión.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
P – 3204300 – B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

2º. Baños de Riocaldo. Falouse de negociar cos particulares a posibilidade de cesión ou autorización dos veciños para a colocación dos baños e ata o de agora non hai nada de iso.

3º. Termalismo. As actuacións assumidas pola Deputación Provincial estanxe levando a cabo.

4º. Barandillas Praza Roxa. Non se achegou a proposta de gasto.

5º. Limpeza da área recreativa de Grou. Incluirase para o orzamento do vindeiro ano.

6º. Colocación sinal informativa. O Concello non é competente para colocar sinais nunha vía que no é da súa titularidade. Xa se comentou coa COTOP.

7º. Paso de péons. Atópase pendente da autorización da COTOP. En breve se procederá ao pintado da travesía de Lobios.

8º. Antena de San Paio. Estase tramitando esta cuestión cunha empresa.

9º. Tanque de auga. Solicitouse a Deputación unha subvención para atender a este tema.

Tras a intervención da Alcaldía, toma a palabra o Sr. Concelleiro, D. Javier Vieira da Cuña, quen afirma que a limpeza de camiños está sen facer.

Respóndelle a Alcaldesa que o traballo de limpeza fixose en todos os pobos e que a día de hoxe non hai brigadas para actuar.

Insiste o Sr. Vieira da Cuña en que non se fixo nada.

Toma a palabra o Sr. Veloso González quen manifesta estar impresionado pola falta de seriedade na execución dos acordos. Respecto da colocación duns aseos é competencia do Concello e o goberno municipal debería buscar a súa colaboración para procurar unha solución neste tema; o paso de peóns é un asunto que ven dende o verán e constitúe unha falta de respecto aos veciños; polo que atinxe á limpeza de camiños afirma que solo hai brigadas para facer obras en terreos particulares e limpeza en camiños particulares.

Respóndelle a Sra. Alcaldesa en que gobernan para todos os veciños. Que existe un plan integral para a zona de Riocaldo e lle reitera que foi el quen se ofreceu a buscar unha solución no tema dos baños. Pídelle que lle poña por escrito que camiños e obras de particulares en concreto fixo o Concello.

O Sr. Veloso reitera que se destina diñeiro público en actuacións particulares, e a Sra. Alcaldesa insiste en que enumere os casos concretos de particulares beneficiados por actuacións públicas.

Neste punto toma a palabra o Sr. Concelleiro, D. David Fernández Delgado, quen manifesta que a área recreativa de Grou non se limpou dende as últimas eleccións, e que os balancíns e a zona de xogos é un montón de ferros para que alguéun se manque.

Por parte da Alcaldía se lle responde que está prevista a limpeza desa área así como a notificación ao titular da parcela lindante para que limpe alí. Engade que estiveron alí a semana pasada e limparon as silveiras e procederon á poda. Está prevista a mellora da área para o vindeiro ano.

O Sr. Fernández Delgado dille que lle enviará fotos para que vexa o aspecto que ten.

## SEGUNDO.- A AUGA MUNICIPAL DE LOBIOS. CONTRATACIÓN INMEDIATA DUNHA EMPRESA ESPECIALIZADA PARA A REVISIÓN E LEGALIZACIÓN DOS CONTADORES E DO COBRO DO IMPOSTO.

Inicia a súa intervención o Sr. Francisco Veloso González, dando lectura ao parágrafo segundo do punto segundo do seu escrito de data 13 de novembro de 2015 que se transcribe a continuación:



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
P – 3204300 – B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

Causa alarma social entre los vecinos las irregularidades existentes en el cobro del agua que lleva a reclamar cantidades desproporcionadas. No se le echa la culpa a nadie, pero el problema está ahí y hay que resolverlo.

Considera que se está a levar a cobro da auga de xeito irregular. Refírese en concreto ao Sr. Francisco Cerqueira, titular do establecemento Bar Frayma, e a un recibo de 194,94 euros. Entende que unha empresa que podería asumir isto sería VIAQUA de Ourense. Na situación do Paco do Frayma hai moita xente. Habería que buscarlle unha solución a este tema. Propón sacarlle a xestión a Deputación e que o leve outra empresa que revise os contadores para evitar problemas. Mientras non se resolván estas irregularidades habría que suspender o cobro do servizo. Que os veciños paguen o que consuman.

Toma a palabra a Sra. Alcaldesa quen manifesta que a ordenanza reguladora da auga está publicada no BOP núm. 234 de data 09/10/2010. Que a taxa se fixa en función do consumo. Que dadas as acusacións debería concretalas e non falar de xeito xenérico. Foi no goberno bipartito no que se decidiu trasladar a xestión a Deputación. Para o vindeiro ano podería estudiarse a posibilidade de que o leve unha empresa, pero sen ese estudio previo non farán nada.

Resúltalle lamentable ao Sr. Veloso a pasividade do Concello na resolución de problemas. Afirma que hai xente neste Concello que non paga impostos e se o Concello continua a permitir isto será responsable do mesmo. Hai contadores que non funcionan ben e outros están alterados. É necesario que se lle dea unha garantía aos veciños dadas as diferencias no pago dos recibos entre uns e outros, e os importes desproporcionados.

Entáblase logo unha discusión entre o Sr. Veloso e a Sra. Alcaldesa acusándose mutuamente de falta de respecto, e a continuación a Sra. Alcaldesa decide someter a votación este asunto, co resultado seguinte:

- Votos a favor: cinco (PSdG-PSOE)
- Votos en contra: seis (PP)
- Abstencións: cero

Continúa a discusión. O Sr. Veloso segue repetindo que non lle parece normal os recibos que se cobran e a Sra. Alcaldesa lle remite á Ordenanza de 2010. Insiste o Sr. Veloso en que hai xente que paga de mais e outra que non paga. A Alcaldía lle responde que habrá que dar solucións aos casos concretos que se vaian presentando. Da lectura ás tarifas recollidas na Ordenanza. O Sr. Veloso considera que habría que traer a algún técnico que acompañe ao persoal do Concello na lectura dos contadores para que os veciños teñan garantía do proceder. A Alcaldesa lle responde que os erros nas lecturas pódense emendar.

Toma a palabra o Sr. Concelleiro, D. Juan Manuel Ferreira Ferreira, quen afirma que non se está aplicando correctamente a ordenanza. Os industriais pagan o mesmo que os particulares. Deberíase controlas aqueles negocios que pagan a auga como consumo doméstico. A Alcaldía lembralle que no recibo está incluído o Canon da Auga da Xunta. Engade o Sr. Tenente de Alcalde, que son os particulares os que deberían fazer o cambio de actividade. Manifesta o Sr. Ferreira Ferreira que se debería controlar que os locais paguen correctamente. A Sra. Alcaldesa comenta que o consumo de auga dun local debería ser superior ao dunha vivenda. O Sr. Veloso sostén que os veciños de Lobios teñen un problema coa auga de Lobios. Considera que a Alcaldesa non ten porque ser unha experta neste tema, pero que debería escutar a Juan que é fontaneiro titulado e algo entende. A Alcaldía comenta a posibilidade de facer un estudio económico sobre a viabilidade de contratar a unha empresa que revise os contadores. O Sr. Veloso insiste que se debería chamar a alguém, ben sexa á sobriña do Sr. Concelleiro, D. Manuel Fernández Vázquez, ou ben a outra persoa, porque esta situación podería desenvolverse nunha estafa. Que un técnico revise este tema e atenda ao público algúns días. A Sra. Alcaldesa indica que no concello xa hai un funcionario que informa sobre os posibles erros na lectura dos contadores. O Sr. Veloso reitera a falta de seriedade na forma de tratar esta cuestión. Insiste en que se debería destinar unha partida no orzamento duns 300,00 euros para contratar a un técnico que revise os contadores e atenda as dúbihdas do público.

Seguindo neste punto da orde do día, o Sr. Francisco Veloso González, pon de manifesto o estado de deterioro no que se atopan as barandillas da Praza Roxa. Que o Concello non pagou nada e que lle da vergonza a actitude do mesmo. A empresa Explotacións debería haber arranjado a ponte. Dirixíndose á





Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
P – 3204300 – B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

Alcaldía manifesta que en fronte da súa casa está todo precioso mentres que na parte de arriba da Praza Roxa está sen arranxar. A ponte está destortalada, se cae. A empresa non arranxou nin a ponte nin a Praza Roxa. Afirma que el é independente. Que pagou para as festas. Propón que para o vindeiro ano se paguen as festas municipais co que se saque da Festa dos Callos.

A Sra. Alcaldesa lle responde que non é serio lanzar propostas como a dos 300,00 euros para contratar un técnico. O Sr. Velloso lle interesa que se vote o feito de que podería estarse ante un posible suposto de estafa co tema da auga. A Sra. Alcaldesa reitera a cuestión do estudio económico e lle di que o que se someterá a votación será o que se presentou na súa solicitude.

Rematadas as intervencións, sométese novamente a votación a expresada proposta, que resulta rexeitada, sendo o sentido da votación o seguinte:

- Votos a favor: cinco (PSdG-PSOE)
- Votos en contra: seis (PP)
- Abstencións: cero

## TERCEIRO.- PÁGINA WEB DO CONCELLO. ACTUALIZACIÓN INMEDIATA DA MESMA.

Inicia a súa intervención o Sr. Concelleiro, D. Francisco Veloso González, manifestando que hai que tratar que a web do Concello sexa unha web oficial e non do Partido Popular. Quere que sexa unha páxina de información. Hai que actualizala incluíndo acordos de órganos colexiados, resolucións de Alcaldía e información corporativa actual. Tamén se lle debería dar cabida ao grupo socialista.

A Sra. Alcaldesa lle responde que a web municipal non está sendo utilizada en sentido partidista. A baixa laboral da administrativa supón unha maior carga de traballo para o outro administrativo, o que retrasa a posta ao día da web. Agardan que coa recuperación da funcionaria se poida traballar na web.

O Sr. Veloso non entende que este retraso sexa debido á baixa da traballadora. A páxina está obsoleta e estase limitando a información aos veciños. A forma de dar publicidade é que se proceda de inmediato a colgar os acordos na web. Igualmente deberíase abrir á participación na mesma do grupo socialista.

Cando son as 13:10 horas, o Sr. Concelleiro, D. David Fernández Delgado, abandona o salón de plenos alegando motivos profesionais.

A Sra. Alcaldesa insiste nos problemas de carga de traballo non sendo admisible o argumento de coacción das liberdades. Alega falta de persoal técnico.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a expresada proposta, que resulta rexeitada, sendo o sentido da votación o seguinte:

- Votos a favor: catro (PSdG-PSOE)
- Votos en contra: seis (PP)
- Abstencións: cero

## CUARTO.- LIBROS DE PLENOS MUNICIPALS E ACORDOS DE COMISIÓNS DE GOBERNO. RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA. A DISPOSICIÓN DOS VECIÑOS.

O Sr. Francisco Veloso González, inicia a súa intervención facendo referencia ao feito de que este asunto foi tratado no Pleno de data 06/11/15. Manifesta que os acordos plenarios e demais deben estar a disposición dos veciños en papel foliado e numerado, dado que os mesmos poderían ser obxecto de impugnación. Que se xa se lle dan tarde aos concelleiros, menos se lle van a dar aos veciños. Entende que se van a votar en contra de isto xa nin se moleste en enviarllles as notificacións das convocatorias. Está seguro de que se pide o libro de plenos non llo van a dar porque non o hai. Considera que todo isto é unha falta de respecto e unha tomadura de pelo.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
P – 3204300 – B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

A Sra. Alcaldesa solicita a intervención da Secretaria-Interventora.

A funcionaria que subscribe explica de xeito similar ao manifestado no antedito pleno hai un prazo de dez días para a remisión das actas da Xunta de Goberno Local, pero que respecto ás actas correspondentes ás sesións plenarias a lei se refire a que se achegará o borrador da acta xuntamente coa convocatoria nas sesións ordinarias. Que, efectivamente, houbo un gran retraso na remisión das actas da Xunta de Goberno Local, pero que coa achega aos Sres. Concelleiros do grupo socialista previamente ao inicio deste Pleno, das actas das XGL pendentes, a remisión das mesmas púxose ao día. As actas de remiten igualmente á Subdelegación e á Xunta de Galicia a través das plataformas dixitais habilitadas ao efecto. Que xa non se transcriben no papel timbrado e foliado da Xunta, senón que se achegan en formato PDF por vía electrónica. Que recentemente cambiou a forma de sinatura das mesmas. Agora hai que asinalas co certificado dixital correspondente, debendo a Alcaldía tramitar a expedición do seu certificado dixital persoal para despois poder asinalas. Calquera interesado pode acceder ás actas.

O Sr. Veloso insiste en que se transcriban en papel oficial e en que non se atopan a disposición dos veciños. Discrepa coa Secretaria pola falta de achega das actas en prazo.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a expresada proposta, que resulta rexeitada, sendo o sentido da votación o seguinte:

- Votos a favor: catro (PSdG-PSOE)
- Votos en contra: seis (PP)
- Abstencións: cero

Rematada a intervención o Sr. Veloso continua manifestando que non lle importa o que diga a Secretaria.

## QUINTO.- CANS SOLTOS. LIBRO REXISTRO.

En relación con este punto o Sr. Veloso manifesta que hai cans soltos en rutas de sendeirismo que están causando danos.

O Sr. Concelleiro, D. Manuel Fernández Vázquez, toma a palabra para explicar a situación de cans soltos e descuidados. Entende que debería haber un rexistro que permitise levar un control dos animais do Concello e velar polo seu bo estado. Os animais deben estar presos e controlados polos seus donos.

A Sra. Alcaldesa explica que cando hai queixas de cans abandonados compróbase se teñen chip e, en caso contrario, lévanse a canceira.

O Sr. Veloso sostén que non se está a cumplir coa normativa nesta materia. Debería haber un rexistro de cans e despois facer un seguimento polos pobos para ver se hai animais soltos.

O Sr. Concelleiro, D. Javier Vieira da Cuña manifesta que se podería informar aos veciños da normativa vixente mediante bандos.

O Sr. Fernández Vázquez sigue mantendo que é necesario controlar os cans e que non vai ningúén a recollelos. A Sra. Alcaldesa lle responde que si se recollerón cans en diferentes núcleos. Que lle pode pedir un informe ao GES ou no rexistro da canceira. Se hai aviso de can abandonado, aténdese a solicitude e vaise recoller.

O Sr. Veloso afirma que se hai algún accidente no que estea implicado algún can a corporación está avisada. Non é legal que os cans estean soltos. O Concello ten que ter un libro rexistro e o Alcalde ten que escutar esta problemática e actuar. E mesmo se se quere crear un imposto polos cans tamén se podería facer. Interesa que haxa un acordo sobre este tema.

Concretase a proposta na creación dun libro rexistro de animais perigosos e a colocación de bandos informativos sobre cumprimento da normativa vixente e cun teléfono de contacto.

A Sra. Alcaldesa informa aos/ás presentes que considerando a carga de traballo na Secretaría-Intervención, existen varias tarefas pendentes e, cando se rematen, porase co tema dos cans.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
P – 3204300 – B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

Rematadas as intervencións, sométese a votación a expresada proposta, que resulta aprobada pola unanimidade dos presentes adoptándose o seguinte acordo:

*Creación dun libro rexistro de animais perigosos e a colocación de bandos informativos sobre cumprimento da normativa vixente con teléfono de contacto.*

## SEXTO.- PARQUE NATURAL BAIXA LIMIA E CONCELLO DE LOBIOS. INFORMACIÓN DAS FUNCIÓN, AXUDAS E ACORDOS EXISTENTES.

Neste punto toma a palabra a Sra. Alcaldesa para remitir aos Sres. Concelleiros ao Parque Natural. Informa que a día de hoxe, quitado o acordo de mantemento das rutas BTT, non habería outros acordos. Tampouco lle consta que vaian a saír axudas do Parque.

O Sr. Francisco Veloso González pregunta cantos cartos recibiu o Concello o ano pasado.

O Sr. Concelleiro, D. Manuel Fernández Vázquez, quere saber que acordos teñen as CC.MM.VV. e o Parque, ao que lle responde a Sra. Alcaldesa en que esa cuestión mellor lla resolvería o Parque.

O Sr. Veloso di que non se lle ensinou ningunha documentación neste punto.

A Sra. Alcaldesa manifesta que as axudas do Parque soLEN saír destinadas aos Concellos e aos particulares.

O Sr. Veloso insiste en que se lle informe por escrito das axudas recibidas na lexislatura pasada ata o día de hoxe nun prazo de dez días.

A Sra. Alcaldesa lle responde que se lle informará como corresponda das axudas recibidas.

## SÉTIMO.- CONTRATACIÓN DUN ASESOR XURÍDICO PARA O CONCELLO.

Inicia a súa intervención o Sr. Concelleiro, D. Francisco Veloso González, dando lectura ao punto séptimo do seu escrito de data 13 de novembro de 2015 que se transcribe a continuación:

*Ante el cúmulo de irregularidades existentes y falta de respeto a la Ley, resulta necesaria la presencia de un Abogado que asesore al Concello para salir del caos que impera. La Sra. Secretaria Interventora no tiene tiempo de ordenar el Concello. Recordar que en tiempos pasados hubo un Secretario Interventor muchos años y los nuevos secretarios titulares de carrera que han llegado no quieren esta plaza de Lobios por el cúmulo de irregularidades.*

Reitera o tema do incumprimento dos prazos de remisión das actas e pasa a continuación a falar do proceso electoral nas eleccións municipais, poñendo de manifesto a realización de contratos irregulares, cartos públicos destinados a obras particulares, censo irregular, apoiado pola Secretaría e pola Alcaldía co que conseguén votos. Refírese tamén á situación da praza de Secretaría-Intervención do Concello de Lobios e dos problemas que tiveron no pleno de constitución da Corporación e do xogo no cambio de secretarios. Quere que se lle explique como está a situación do posto. Se se ve na obriga, solicitará a dimisión de quien corresponda nos medios de comunicación. Fala dun descontrol absoluto.

A Sra. Alcaldesa pídelle que vaia rematando a súa intervención xa que tivo tempo suficiente para expor a súa postura.

Advírtelo o Sr. Veloso que esta lexislatura vai a ser moi larga. Pide que a Secretaría sexa imparcial, nin do PP nin da Alcaldesa. Descoñece cales son os motivos, persoais ou outros, da Secretaría para incumprir a lei. Afirma que o titular da Secretaría está en Marín e a praza da actual Secretaría está en Salamanca.

A Sra. Alcaldesa lle pide ao voceiro do grupo socialista que concrete por escrito as irregularidades das que fala. Explica que nos supostos de carga de traballo cabe acudir, ao igual que o resto dos Concellos da provincia, ao servizo de asistencia xurídica gratuíta da Deputación, non sendo necesario logo acudir a unha asesoría externa.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a expresada proposta, que resulta rexeitada, sendo o



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
P – 3204300 – B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

sentido da votación o seguinte:

- Votos a favor: catro (PSdG-PSOE)
- Votos en contra: seis (PP)
- Abstencións: cero

## OITAVO.- ACTUALIZACIÓN DOS PAGOS A CONCELLEIROS.

A Sra. Alcadesa informa aos/as presentes que a cuestión do pago das indemnizacións por asistencia aos órganos colexiados aos/as Sres./as. Concelleiros/as atópase ao día. Quedaría pendente solo de proceder ao pagamento das indemnizacións ao Sr. Concelleiro, D. Javier Vieira da Cuña, quen achegou no día de hoxe un número de conta onde facer os pagamentos.

O Sr. Veloso manifesta que coa aprobación do soldo da Alcadesa reducíronse as indemnizacións aos concelleiros.

A Secretaria que subscribe corrixe tal afirmación, sinalando que tal redución foi aprobada no ano 2012 con motivo da aprobación do Plan de Axuste.

O Sr. Veloso pregunta por qué non se reduciu tamén o soldo da Alcaldía.

A continuación prodúcese unha discusión entre os Sres. Concelleiros, D. Francisco Veloso González e D. Juan Manuel Ferreira Ferreira, e a Sra. Alcadesa, a conta do soldo asignado á Alcaldía.

E non habendo mais asuntos que tratar a Sra. Alcadesa-Presidenta, levanta a sesión, sendo as catorce horas e trece minutos do día anteriormente sinalado, do que eu como Secretaria dou fe.

A Presidenta

Maria del Carmen Yáñez Salgado

A Secretaria-Interventora

Marta Izquierdo Gamallo